

O ELEFANTE QUE PERDEU O SEU OLLO

Adaptación de BONIFACE OFOGO

Ilustracións de MARC TAEGER

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 26,5 x 21 cm. 40 páx. 16 €

O elefante que perdeu o seu ollo (galego)

ISBN 978-84-1343-261-8. Álbum ilustrado. Os contos do trasno.

El elefante que perdió su ojo (castelán)

ISBN 978-84-1343-262-5. Álbum ilustrado. Cuentos tradicionales.

L'elefant que va perdre un ull (català)

ISBN 978-84-18558-81-8. Álbum ilustrat. Contes tradicionals.

Begi bat galdu zuen elefantea (euskara)

ISBN 978-84-9172-391-2. Album irudidunak. Herri ipuinak.

Día si e día tamén, un elefante africano andaba a quitar un ollo para xogar con el como se fose unha pelota.

PING, PONG! PING, PONG!

Un día, lanzouno tan alto que o ollo desapareceu entre as nubes.

Como estaba chosco, o elefante non podía ver ben.

E, mentres tiña estendida a trompa, esperando que o seu ollo caese sobre ela, de súpeto, escoitou... PLASH!


Nos momentos de preocupación e anguria, cando o que nos rodea se volve un caos que nos impide retomar o control da situación, unha palabra amable e unha caricia son o mellor bálsamo.

É o que lle acontece ao protagonista de «O elefante que perdeu o seu ollo» cando, a piques de perder a esperanza, se encontra cunha nena que lle aconsella actuar con calma e tranquilidade.

Ambientado en Omassa, a súa aldea natal, o narrador camerunés Boniface Ofogo adapta este conto tradicional africano que, canda «A paso de tartaruga» e «O león Kandinga», recrea a estreita relación do ser humano coa fauna, composta por todo tipo de criaturas salvaxes. Unha fábula na que, percorrendo distintos ecosistemas como o río, a selva e a sabana, o elefante pídelles axuda a outros animais na procura do seu ollo, ao tempo que descubrimos a súa simboloxía: o sapo observador, o crocodilo nadador, a tartaruga sabia, o chimpancé intelixente...

Ademais dos recursos da literatura oral, como a estrutura acumulativa e as repeticións, o texto tamén destaca polos momentos de humor que contrastan co dramatismo dun relato no que a auga é unha metáfora da serenidade e da templanza ante as dificultades.

Dende as guardas do libro, as ilustracións de Marc Taegeer transpórtannos ata o continente africano a través dos cores, das paisaxes e da vexetación. A súa proposta emprega materiais asequibles para a infancia, como ceras e pinturas, cos que representa escenas cheas de dinamismo, expresividade e luminosas texturas nas que tamén se integra parte da tipografía.



■ **Temática:** conto tradicional africano.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** relato de tradición oral, fábula; calma e tranquilidade ante as adversidades, cooperación; animais da selva, da sabana e do río; relación humanos-animais.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-elefante-que-perdeu-o-seu-ollo-g>

Boniface Ofogo

(Omassa, Camerún, 1966)

Naceu e criouse nunha aldea do interior de Camerún. Chegou a España en 1988 para estudar Filoloxía Hispánica e en 1992 comezou a traballar como narrador. Foi mediador intercultural no Concello de Madrid. Dende 2005 dedícase en exclusiva a percorrer escolas, bibliotecas e centros sociais contando historias. É especialista en fábulas, lendas, mitos e tradicións da África negra, dos que publicou «O león Kandinga», «A paso de tartaruga» e «O elefante que perdeu o seu ollo» (KALANDRAKA). Actuou por toda España (Maratón de Contos de Guadalaxara, Fórum das Culturas de Barcelona, festivais de oralidade de Xaca e Elx) e numerosos países: Francia, México, Cuba, Brasil, Costa Rica, Colombia, Arxentina, Marrocos...

<http://boniofogo.com>

<https://kalandraka.tv/gl/videos/o-leon-kandinga/>


Marc Taegeer

(Berna, 1963)

Ilustrador e deseñador. Estudou deseño gráfico e ilustración na Escola Superior de Comunicación Visual de Trier (Alemaña) e en Barcelona, onde residiu durante dúas décadas tras unha estancia de dous anos nunha axencia de publicidade en Düsseldorf. Afincado en Galicia, é especialista en ilustración, pintura, escultura e arte gráfico. Participou en exposicións en Francia, Luxemburgo, España, Costa Rica e China. Recibiu dous premios LAUS (Asociación de Deseñadores Gráficos de España) e dous Premios Daniel Gil 2005 de ilustración e deseño por «A verdadeira historia de Carapuchiña», publicado por KALANDRAKA, onde tamén ilustrou «Artur», «Un máis», «Garavanciño», «Elefante comellón», «O elefante que perdeu o seu ollo», «Aquiles o puntiño», «Ciudades», «12 greguerías de luna», «Son animal», «Extra!» e «Tic tac».

<https://marctaeger.wordpress.com/>

<https://kalandraka.tv/gl/videos/marc-taegeer/>



www.**kalandraka**.com
comunicacion@kalandraka.com